

LEXISLACIÓN

Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade da educación.

Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

ENLACES DE INTERESE

<http://www.edu.xunta.gal/portal/>

<http://foanpas.blogspot.com.es/>

<http://www.anpasgalegas.org/>

ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA

UN POUCO DE
INFORMACIÓN

ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA

QUE É?

Conxunto de accións pedagóxicas que se desenvolven nas aulas hospitalarias dirixidas ao alumnado que permanece hospitalizado ou que recibe atención médica no hospital de día.

PROCESO DE INCORPORACIÓN

O profesorado da aula hospitalaria (dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) informará á familia da existencia e características deste servizo e a familia comunicará ao centro educativo de referencia que vai recibir esta atención.

FAMILIAS

Son unha parte fundamental. Precisan de apoio e información e, unha vez superados os medos teñen que ser o soporte emocional e afectivo do/a neno/a, así como colaborar co centro de referencia e co profesorado da aula hospitalaria.

ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

QUE É?

Atención educativa que recibe o alumnado matriculado no ensino obrigatorio e que, por prescripción facultativa, debe permanecer convalacente no domicilio familiar sen asistir ao centro educativo durante un mes ou máis.

PROCESO DE SOLICITUDE

Solicitud por parte da nai, pai ou titor/a legal ao centro de ensino, acompañada por un informe médico. Logo o/a titor/a elabora un informe e a dirección envía a información a Xefatura Territorial que é quen resolve. Comunicará a súa decisión ao centro educativo.

FAMILIAS

Realizan a solicitud, deben facilitar información ao profesorado de atención domiciliar e proporcionar un lugar axeitado para a tarefa educativa, ademais de estar presentes durante a intervención do/a mestre/a.